

# Compostela, cidade de pedra e prata

*A cidade de Compostela é célebre polas súas rúas de pedra e polo brillo que lles proporciona a choiva. Pero a urbe do Apóstolo non podería concibirse sen outro brillo que lle vén de vello: o das fermosas pezas de artesanía en prata e acibeche que enchen os escaparates do seu casco histórico. O corazón de Galicia agocha, aínda hoxe, pequenos obradoiros artesáns nos que se segue a traballar estes materiais como hai centos de anos. A varios deses enclaves privilegiados trasladámonos para falar cara a cara con estes escultores da prata.*



## Bel LLOVÉ

Falar de Santiago de Compostela é falar de pedra, de tradicións ancestrais, de cultura, de relixión, de peregrinaxe. Pero a súa historia non se podería entender sen os seus metais labrados e figuras de acibeche, ese negro lignito que, curiosamente, non se dá en Galicia. Os ourives galegos aparecen xa en moitas lendas antigas, tal e como revelan os datos de cronistas, poetas e historiadores romanos. Nos museos da comunidade consérvanse algunhas xoias realizadas en épocas moi diferentes, como torques, arracadas ou diademas, cuxa orixe pode datarse entre o século III a.C. e a romanización.

Hablar de Santiago de Compostela es hablar de piedra, de tradiciónes ancestrales, de cultura, de relixión, de peregrinaxe. Pero su historia no se podría entender sin sus metales labrados y figuras de azabache, ese negro lignito que, curiosamente, no se da en Galicia. Los orfebres gallegos aparecen ya en muchas leyendas antiguas, tal y como revelan los datos de cronistas, poetas e historiadores romanos. En los museos de la comunidad se conservan algunas joyas realizadas en épocas muy diferentes, como torques, arracadas o diademas, cuyo origen puede datarse entre el siglo III a.C. y la romanización.



MIGUEL ÁNCEL

## Compostela, ciudad de piedra y plata

*La ciudad de Compostela es célebre por sus calles de piedra y por el brillo que les proporciona la lluvia. Pero la urbe del Apóstol no podría concebirse sin otro brillo que le viene desde hace mucho tiempo: el de las hermosas piezas de artesanía en plata y azabache que llenan los escaparates de su casco histórico. El corazón de Galicia esconde, aún hoy, pequeños talleres artesanos en los que se sigue trabajando estos materiales como hace cientos de años. A varios de esos enclaves privilegiados nos trasladamos para hablar cara a cara con estos escultores de la plata.*

Coa aparición da tumba do Apóstolo no monte Libredón, no século IX, a ourivería comezou a xirar en torno ás reliquias, as grandes catedrais e os santuarios, adquirindo ese sentido relixioso que aínda conserva. O Camiño de Santiago trouxo moitas influencias europeas, ao tempo que algúns afamados ourives asentáronse en Compostela. Os peregrinos demandaban medallas e relicarios como recordo da súa longa viaxe, o que fixo que o gremio dos prateiros e acibecheiros fose medrando. O século XV foi o momento de grande auxe para este colectivo: a Santiago chegaron importantes obras e grandes mestres.

Con la aparición de la tumba del Apóstol en el monte Libredón, en el siglo IX, la orfebrería comenzó a girar en torno a las reliquias, las grandes catedrales y los santuarios, adquiriendo ese sentido religioso que aún conserva. El Camino de Santiago trajo muchas influencias europeas, al tiempo que algunos afamados orfebres se asentaron en Compostela. Los peregrinos demandaban medallas y relicarios como recuerdo de su largo viaje, lo que hizo que el gremio de los plateros y azabacheros fuera creciendo. El siglo XV fue el momento de gran auge para este colectivo: a Santiago llegaron importantes obras y grandes maestros.



MIGUEL AÑEL



MIGUEL AÑEL

O artesán Julio Lado repuxando unha bandexa de prata. | El artesano Julio Lado repujando una bandeja de plata.

Pulindo unha bandexa. | Puliendo una bandeja.

Pero para comprendermos o arraigamento desta tradición en Compostela, non é necesario remontármolos tan atrás no tempo. Os nomes dalgúns das súas rúas, como a da Acibechería ou a emblemática Praza das Praterías, revelan que era nelas onde se asentaban os tradicionais talleres artesanais.

Aínda hoxe, o paseo pola cidade do Apóstolo supón para o camiñante o descubrimento de pequenas tendas e obradoiros que aínda persisten nesta era de consumo rápido e produción en serie, traballando cos mesmos instrumentos que cando se fundaron, algúns deles hai máis dun século. Son moi poucos, pero o pasado e o presente de Santiago non se poderían desvincular do que contan os repuxados das súas bandexas, cunchas de vieira, cálices ou cruces parroquiais ou as súas tallas de acibeche. Segundo o presidente da asociación Ourives de Compostela, Roberto Pampín, hoxe en día a entidade conta cuns 25 talleres asociados, que se teñen erixido en expoñentes do esplendor de antano.

Na Escola de Artes Aplicadas e Oficios Mestre Mateo, situada na compostelá Virxe da Cerca, xa non se estuda repuxado, aínda que si se seguen a ensinar as técnicas tradicionais no tratado do acibeche e dos metais no ciclo superior e no módulo de xoyería, que entre os dous suman arredor duns 35 alumnos na actualidade.

Foi precisamente nesa escola onde se formaron Augusto, Luís, Manuel e Carlos Vieiro, os catro irmáns que hoxe compoñen a sociedade Vieiro Artesanos, herdeira da antiga Pratería Vieiro, que

Pero para comprender el arraigo de esta tradición en Compostela, no es necesario remontarnos tan atrás en el tiempo. Los nombres de algunas de sus calles, como la de la Acibechería o la emblemática Praza das Platerías, revelan que era en ellas donde se asentaban los tradicionales talleres artesanos.

Aún hoy, el paseo por la ciudad del Apóstol supone para el caminante el descubrimiento de pequeñas tiendas y talleres que aún persisten en esta era de consumo rápido y producción en serie, trabajando con los mismos instrumentos que cuando se fundaron, algunos de ellos hace más de un siglo. Son muy pocos, pero el pasado y el presente de Santiago no se podrían desvincular de lo que cuentan los repujados de sus bandejas, conchas de vieira, cálices o cruces parroquiales o sus tallas de azabache. Según el presidente de la asociación Ourives de Compostela, Roberto Pampín, hoy en día la entidad cuenta con unos 25 talleres asociados, que se han erigido en exponentes del esplendor de antaño.

En la Escuela de Artes Aplicadas y Oficios Mestre Mateo, situada en la compostelana Virxe da Cerca, ya no se estudia repujado, aunque sí se siguen enseñando las técnicas tradicionales en el tratado del azabache y de los metales en el ciclo superior y en el módulo de joyería, que entre los dos suman alrededor de unos 35 alumnos en la actualidad.

Fue precisamente en esa escuela donde se formaron Augusto, Luis, Manuel y Carlos Vieiro, los cuatro hermanos que hoy com-



Un dos irmáns Vieiro encendendo o forno para fundir a prata. | Uno de los hermanos Vieiro encendiendo el horno para fundir la plata.

fundou hai máis de sesenta anos o seu pai, o xa finado Augusto Vieiro Bao, na Praza da Inmaculada, ao carón da antigamente chamada Fachada do Paraíso da Catedral.

A historia deste pequeno negocio familiar comezou en 1949, cando Augusto Vieiro pai, formado na emblemática pratería Bao, decidiu establecerse pola súa conta montando un pequeno taller e unha tenda na que comercializar as súas pezas. Pouco a pouco, o negocio foi crecendo ata que, no ano 1997, fundouse Vieiro Artesanos, sociedade composta por Augusto e os seus catro fillos. Hoxe, son estes quen levan as rendas do taller, situado na rúa do Camiño dos Vilares, e do comercio da Inmaculada, subsistindo malia seren bastante pesimistas sobre o futuro desta artesanía “que está desaparecendo”.

Da súa factoría saen pezas de todo tipo: bandexas, xogos de cubertos, cunchas de vieira, cinceiros, pratos, centros de mesa, placas conmemorativas, paneiras... No taller respírase a calma e a tranquilidade dos artesáns. Neste oficio, a paciencia é unha virtude case tan importante coma o talento.

Para realizar as súas pezas, os irmáns Vieiro contan con moldes predeseñados e nalgúns ocasións traballan por encargo, con deseños que lles levan os clientes. Tamén realizan xogos de cubertos, un traballo duro e custoso. “Facer un xogo de cubertos completo, composto por 155 pezas, pode levar uns tres meses de traballo e entre 7,5 e 8 quilogramos de prata”, explica Carlos Viei-

ponen la sociedad Vieiro Artesanos, heredera de la antigua Platería Vieiro, que fundó hace más de sesenta años su padre, el ya finado Augusto Vieiro Bao, en la Praza da Inmaculada, al lado de la antiguamente llamada Fachada del Paraíso de la Catedral.

La historia de este pequeño negocio familiar comenzó en 1949, cuando Augusto Vieiro padre, formado en la emblemática Platería Bao, decidió establecerse por su cuenta montando un modesto taller y una tienda en la que comercializar sus piezas. Poco a poco, el negocio fue creciendo hasta que, en el año 1997, se fundó Vieiro Artesanos, sociedad compuesta por Augusto y sus cuatro hijos. Hoy, son éstos quienes llevan las riendas del taller, situado en la calle Camiño dos Vilares, y del comercio de la Inmaculada, subsistiendo pese a ser bastante pesimistas sobre el futuro de esta artesanía “que está desapareciendo”.

De su factoría salen piezas de todo tipo: bandejas, cuberterías, conchas de vieira, ceniceros, platos, centros de mesa, placas conmemorativas, paneras... En el taller se respira la calma y la tranquilidad de los artesanos. En este oficio, la paciencia es una virtud casi tan importante como el talento.

Para realizar sus piezas, los hermanos Vieiro cuentan con moldes prediseñados y en algunas ocasiones trabajan por encargo, con diseños que les llevan los clientes. También realizan cuberterías, un trabajo duro y costoso. “Hacer una cubertería completa, compuesta por 155 piezas, puede llevar unos tres meses de trabajo y entre

ro, o menor dos catro irmáns. Sabendo que hai todo iso detrás, o prezo que esta tería no mercado, uns 8.000 euros, non parece tan alto.

A elaboración dunha bandexa mediante o repuxado da prata, técnica á que algúns consideran a verdadeira ourivería, comeza por laminar unha folla deste material, cortala e facer os debuxos sobre ela. Despois, hai que introducir a bandexa no lacre e suxeitala con cravos. É necesario traballar a temperaturas moi elevadas, pois se se fai en frío, a prata pode romper. Seguidamente, hai que volverlle a pasar o soprete e traballar sobre a prata unha e outra vez. O relevo do traballo cincélase por detrás e as partes afundidas por diante. Unha vez sacada a bandexa do lacre, fáise-lle un debuxo arredor, o rizado, para que quede ben rematada. Logo bótaselle óxido para ennegrecer a prata, de maneira que se vexa ben o debuxo e, finalmente, púlese para darlle brillo.

Ao xuízo de Vieiro, o de ourive é un traballo moi duro e pouco rendible. A crise aféctalles a estes artesáns tanto ou máis que ao resto de comerciantes. “A ourivería é un luxo, non un ben de primeira necesidade, polo que a xente decide prescindir del”. E a iso hai que sumarlle que se trata dun produto artesanal, cun valor engadido que hai que cobrar.

Tamén por iso, prognostícalle moi pouco tempo de vida. “Isto acábase rápido”, lamenta. O prateiro cre que a xente nova en xeral non está interesada en aprender o oficio. “Os que están pechando, o máis probable é que o fagan definitivamente; e cando o resto nos vaíamos retirando, a ver quen repuxa en Santiago”, afirma, taxante. “A ourivaría vai moi mal. Non hai axudas, cada vez hai menos traballo e máis impostos para os autónomos. Con ese panorama, non lle queda máis remedio que morrer”.

Da Praza da Inmaculada cruzamos a da Quintana para achegarnos á Rúa do Vilar, onde se atopa Lado, un dos talleres de ourivaría máis antigos dos que aínda perviven na capital galega. Desde a súa fundación, arredor do ano 1880, esta familia de artesáns ten realizado bandexas, cálices, coroas, cruces parroquiais, botafumeiros...

“Facemos de todo. Por exemplo, agora estou traballando nun xogo de café”, di Julio Lado, un dos herdeiros do negocio que comezou o seu bisavó e continuou o resto da familia. Agora traballa xunto con Bernardo e Manuel no taller, mentres que a súa irmá atende a pratería e xoiería. A ourivaría é para el unha paixón, e nótase na forma en que fala dos seus inicios, cando era case un neno. “Levo aquí toda a vida. Cando estaba na escola xa viña para aquí os veráns. Así foi como aprendín”.

Aínda que traballan algunhas veces por encargo, a maioría das pezas que crean son únicas. Célebres son o relicario de San Ramón de Conxo, realizado por Andrés Lado na primeira década do século XX, ou a coroa de follas de carballo e a auréola con doce estrelas para a imaxe pétrea da Nosa Señora da Escravitude, na parroquia de Santa María de Cruces (Padrón). Pero hai moito máis. O brillo das pezas que exhiben no seu escaparate, que atrae sempre a algún viandante curioso, é só unha pequena mostra de todo o que fan.

Lado ensínanos unha bandexa na que está a traballar, aínda introducida no lacre. Realizala pode levarlle arredor de 20 ou 30 días e o seu prezo ronda os 2.000 euros. As cunchas de vieira son

7,5 y 8 kilogramos de plata”, explica Carlos Vieiro, el menor de los cuatro hermanos. Sabiendo que hay todo eso detrás, el precio que tendría en el mercado, unos 8.000 euros, no parece tan alto.

La elaboración de una bandeja mediante el repujado de la plata, técnica a la que algunos consideran la verdadera orfebrería, comienza por laminar una hoja de este material, cortarla y hacer los dibujos sobre ella. Después, hay que introducir la bandeja en el lacre y sujetarla con clavos. Es necesario trabajar a temperaturas muy elevadas, pues si se hace en frío, la plata puede romperse. Seguidamente, hay que volverle a pasar el soplete y trabajar sobre la plata una y otra vez. El relieve del trabajo se cincela por detrás y las partes hundidas por delante. Una vez sacada la bandeja del lacre, se le hace un dibujo alrededor, el rizado, para que quede bien rematada. Luego se le echa óxido para ennegrecer la plata, de manera que se vea bien el dibujo y, finalmente, se pule para darle brillo.

A juicio de Vieiro, el de orfebre es un trabajo muy duro y poco rentable. La crisis afecta a estos artesanos tanto o más que al resto de comerciantes. “La orfebrería es un lujo, no un bien de primera necesidad, por lo que la gente decide prescindir de él”. Y a eso hay que sumar que se trata de un producto artesanal, con un valor añadido que cobrar.

También por eso, le pronostica muy poco tiempo de vida. “Esto se acaba rápido”, lamenta. El platero cree que la gente joven en general no está interesada en aprender el oficio. “Los que están cerrando, lo más probable es que lo hagan definitivamente; y cuando el resto nos vayamos retirando, a ver quién repuja en Santiago”, afirma, tajante. “La orfebrería va muy mal. No hay ayudas, cada vez hay menos trabajo y más impuestos para los autónomos. Con ese panorama, no le queda más remedio que morir”.

De la Praza da Inmaculada cruzamos la de A Quintana para acercarnos a la Rúa do Vilar, donde se ubica Lado, uno de los talleres de orfebrería más antiguos de los que aún perviven en la capital gallega. Desde su fundación, alrededor del año 1880, esta familia de artesanos ha realizado bandejas, cálices, coronas, cruces parroquiales, botafumeiros...

“Hacemos de todo. Por ejemplo, ahora estoy trabajando en un juego de café”, dice Julio Lado, uno de los herederos del negocio que comenzó su bisabuelo y continuó el resto de la familia. Ahora trabaja junto con Bernardo y Manuel en el taller, mientras que su hermana atiende la platería y joyería. La orfebrería es para él una pasión, y se nota en la forma en la que habla de sus inicios, cando era casi un niño. “Llevo aquí toda la vida. Cuando estaba en la escuela ya venía aquí los veranos. Así fue como aprendí”.

Aunque trabajan algunas veces por encargo, la mayoría de las piezas que crean son únicas. Célebres son el relicario de San Ramón de Conxo, realizado por Andrés Lado en la primera década del siglo XX, o la corona de hojas de roble y la aureola con doce estrellas para la imagen pétrea de Nuestra Señora de la Esclavitud, en la parroquia de Santa María de Cruces (Padrón). Pero hay mucho más. El brillo de las piezas que exhiben en su escaparate, que atrae siempre a algún viandante curioso, es sólo una pequeña muestra de todo lo que hacen.

Lado nos enseña una bandeja en la que está trabajando, aún introducida en el lacre. Realizarla puede llevarle alrededor de 20 ó 30



Imaxe de arquivo do taller dos irmáns Lado, na compostelá Rúa do Vilar. | Imagen de archivo del taller de los hermanos Lado, en la compostelana Rúa do Vilar.



Paneira de prata do taller dos Vieiro. | Panera de plata del taller de los Vieiro.

quizais as pezas máis demandadas; tamén as figuras de temática relixiosa, encargadas moitas veces por confrarías.

Con todo, o prateiro coincide con Vieiro en non augurarlle á ourivería un futuro moi prometedor. Os pequenos talleres tradicionais non poden competir cos máis grandes, que utilizan máquinas que lles facilitan o labor. “Son quen de facer mil pezas nun mes”, afirma. E ese é o tempo que a eles lles pode levar rematar unha peza importante.

Asemade, a crise nótase moito. “Antes sobraba o traballo e agora anda escaso”. Os turistas tampouco son o que eran, agora mercan só cousas pequenas para levar como recordo, consecuencia do que el chama “turismo de masas”. En canto ás novas xeracións, Lado non atribúe o que ocorre tanto ao desinterese dos

días y su precio ronda los 2.000 euros. Las conchas de vieira son quizás las piezas más demandadas; también las figuras de temática religiosa, encargadas muchas veces por cofradías.

Sin embargo, el platero coincide con Vieiro en no augurarle a la orfebrería un futuro muy prometedor. Los pequeños talleres tradicionales no pueden competir con los más grandes, que utilizan máquinas que les facilitan la labor. “Son capaces de hacer mil piezas en un mes”, afirma. Y ese es el tiempo que a ellos les puede llevar terminar una pieza importante.

Además, la crisis se nota mucho. “Antes sobraba el trabajo y ahora anda escaso”. Los turistas tampoco son lo que eran, ahora compran sólo cosas pequeñas para llevar como recuerdo, consecuencia de lo que él llama “turismo de masas”. En cuanto a las nue-



A antiga prateria Ángel, situada na Praza das Praterías. | La antigua platería Ángel, situada en la Praza das Platerías.

mozos como á falta de posibilidades para eles. O pasado decembro, participou nunha demostración ao aire libre xunto con outros recoñecidos prateiros composteláns: Eloy Gesto, que durante case dúas décadas presidiu a asociación Ourives de Compostela, e Ricardo Rivas.

Non obstante, aínda que este tipo de iniciativas contribúen a dar a coñecer e a poñer en valor esta artesanía que está na esencia mesma da cidade, Julio Lado considera que o que falta é formación. O prestixioso artesán bota en falta a organización de cursos destinados á xente nova, para o que se precisaría axuda da Administración. Este tipo de iniciativas desenvólvanse antano, e delas saíron algúns profesionais que hoxe teñen un nome, como Katuxa Platero, que no seu establecemento da Rúa do Vilar comercializa as súas xoias, nas que combina as técnicas artesanais co deseño de vangarda.

O que está claro é que “se non se toman medidas, isto vai desaparecer”. Proba diso é que están pechando algúns dos talleres con máis tradición e renome de Compostela, como Ángel, que aínda conserva o seu letrado sobre a pedra da Praza das Praterías, ou como Malde, na procura dun local despois de ter que abandonar o seu emblemático establecemento da Rúa do Vilar, que albergaba unha xoiería e prateria e un taller de ourivería e cicelado.

Na Praza das Praterías continúan abertos algúns establecementos deste tipo, como a tenda de Fernando Mayer, a quen Vieiro define coma “un mestre do acibeche” e que ten no seu currículo innumerables distincións, ou as praterías dos fillos do recoñecido Bernardino Otero. Repartidos pola xeografía compostelá hai máis, como Tojo, Porto ou Artesanía Pampín, entre outros. Todos teñen en común que son herdeiros dese bo facer que tanto define á súa cidade, aprendido nalgúns casos por vontade propia e, na maioría, dos seus familiares. Pero eles traballan cunha responsabilidade engadida: a de evitar que esta tradición milenaria desapareza. **G**

Bel Llové é editora e escritora.

vas generaciones, Lado no atribuye lo que ocurre tanto al desinterés de los jóvenes como a la falta de posibilidades para ellos. El pasado diciembre, participó en una demostración al aire libre junto con otros reconocidos plateros compostelanos: Eloy Gesto, que durante casi dos décadas presidió la asociación Ourives de Compostela, y Ricardo Rivas.

No obstante, aunque este tipo de iniciativas contribuyen a dar a conocer y a poner en valor esta artesanía que está en la esencia misma de la ciudad, Julio Lado considera que lo que falta es formación. El prestigioso artesano echa en falta la organización de cursos destinados a la gente joven, para lo que se precisaría ayuda de la Administración. Este tipo de iniciativas se desarrollaban antaño, y de ellas salieron algunos profesionales que hoy tienen un nombre, como Katuxa Platero, que en su establecimiento de la Rúa do Vilar comercializa sus joyas, en las que combina las técnicas artesanales con el diseño de vanguardia.

Lo que está claro es que, “si no se toman medidas, esto va a desaparecer”. Prueba de eso es que están cerrando algunos de los talleres con más tradición y renombre de Compostela, como Ángel, que aún conserva su letrado sobre la piedra de la Praza das Praterías, o como Malde, en búsqueda de un local después de tener que abandonar su emblemático establecimiento de la Rúa do Vilar, que albergaba una joyería y platería y un taller de orfebrería y cicelado.

En la Praza das Praterías continúan abiertos algunos establecimientos de este tipo, como la tienda de Fernando Mayer, a quien Vieiro define como “un maestro del azabache” y que tiene en su currículo innumerables distinciones, o las platerías de los hijos del reconocido Bernardino Otero. Repartidos por la geografía compostelana hay más, como Tojo, Porto o Artesanía Pampín, entre otros. Todos tienen en común que son herederos de ese buen hacer que tanto define a su ciudad, aprendido en algunos casos por voluntad propia y, en la mayoría, de sus familiares. Pero ellos trabajan con una responsabilidad añadida: la de evitar que esta tradición milenaria desaparezca. **G**

Bel Llové es editora y escritora.